

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 11 de novembro de 2004 pola que se autoriza o cambio de denominación do Instituto de Educación Secundaria de Guitiriz (Lugo).

Tendo en conta o artigo 3 do punto 1º do anexo do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG do 9 de agosto), así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do centro que no anexo se relaciona.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia: Lugo.

Concello: Guitiriz.

Localidade: Lagostelle.

Código do centro: 27016200.

Denominación: Instituto de Educación Secundaria de Guitiriz.

Nova denominación: Instituto de Educación Secundaria Poeta Díaz Castro.

Orde do 26 de novembro de 2004 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a empresas privadas para fomentar o uso social da lingua galega.

De acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a Xunta de Galicia promove o uso do galego -lingua propia de Galicia- e reconece, así mesmo, que as empresas privadas, pola súa incidencia e implantación territorial e social, poden constituírse en promotoras da extensión do uso social do noso idioma.

Polo exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións, fai pública esta convocatoria, mediante a que pretende animar as empresas a que realicen actividades encamiñadas a aumentar o uso social da lingua galega a partir do seu emprego no ámbito económico e mercantil.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta convocatoria ten por obxecto regular, para o exercicio do ano 2005, a concesión de subvencións

en réxime de concorrencia competitiva a empresas privadas para fomentar o uso social da lingua galega, a través da creación ou mantemento dun gabinete lingüístico ou a contratación de servizos de asesoramento lingüístico; a rotulación, etiquetaxe e embalaxe industrial; a confección de documentación creativa e permanente; a organización de campañas publicitarias e a elaboración de portais e páxinas web, de acordo co especificado no artigo correspondente desta orde.

As actividades que se propoñan deberán terse realizado entre o día 1 de xaneiro e o 1 de setembro de 2005.

Artigo 2º.-Suxeitos.

Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta orde todas as empresas privadas que estean legalmente constituídas e promovan o emprego da lingua galega no ámbito económico e mercantil.

Quedan excluídas as seguintes persoas xurídicas privadas:

a) As que teñan un capital en que a participación dunha ou varias administracións públicas sexa maioritaria.

b) Aquelas que anteriormente recibisen algunha outra subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e non xustificasen o seu investimento.

Cada solicitante presentará no anexo oficial, debidamente cuberto, un único proxecto de actuación. Quedarán eliminadas automaticamente as solicitudes que excedan este número.

Artigo 3º.-Orzamento.

As subvencións concederanse con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.470.0 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, por unha contía máxima total de 680.000 euros. En todo caso, o gasto proxeccionado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, e ao disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

A contía de cada subvención non poderá superar a cantidade de 12.000 euros.

Artigo 4º.-Órgano competente para a xestión das axudas.

Corresponderalle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, a realización das tarefas de xestión desta convocatoria, con estrita suxeición á existencia de dispoñibilidades orzamentarias. Para isto crearase unha comisión de avaliación presidida polo director xeral de Política Lingüística, ou persoa en quen delegue, e composta polos seguintes membros:

-O subdirector xeral de Promoción e Ensino da Lingua Galega.

-A xefa do Servizo de Xestión e Promoción Lingüística.

-A xefa de sección ou un xefe de negociado ou de grupo.

-Un funcionario da Dirección Xeral de Política Lingüística, que actuará como secretario con voz e sen voto.

Artigo 5º.-Actividades subvencionables.

Terán a consideración de subvencionables as seguintes accións:

a) Creación ou mantemento de gabinetes lingüísticos ou a contratación de asesores lingüísticos nas empresas, con funcións de asesoramento, formación, etc., priorizándose as propostas que teñan un carácter de permanencia e as que inclúan a contratación de licenciados en filoloxía galego portuguesa ou equivalente. Coa solicitude deberá presentarse un proxecto coas funcións que vai realizar dentro da empresa e o perfil da persoa ou persoas que se encargarán do gabinete, acreditando a súa competencia en lingua galega.

b) Confección de documentación permanente: o obxecto das subvencións é a elaboración de documentación permanente da entidade, como papelería, manuais ou regulamentos internos, programas informáticos para a xestión realizados integramente en galego, memorias, catálogos, etc., e preferentemente as actividades que deriven da creación e desenvolvemento da imaxe corporativa. Para ser susceptibles de recibir subvención, as actividades enumeradas deberán incluír un texto significativo en lingua galega (textos informativos, lemas publicitarios, etc.).

c) Elaboración de documentación creativa da empresa, como publicacións tipo libro, revistas, folletos e boletíns informativos, voceiros, actividades audiovisuais creativas (vídeos, CD-roms, programas de radio e televisión, etc.).

d) Rotulación permanente, etiquetaxe e embalaxe industrial: engloba a rotulación permanente, exterior, interior ou dos dous tipos, dos establecementos ou vehículos, e a etiquetaxe e embalaxe industrial. As axudas van destinadas ás empresas que realicen estas accións en calquera dos procesos de fabricación, produción e/ou comercialización dos seus produtos, preferentemente nos seguintes ámbitos: empresas de produtos de liña branca, audiovisuais, comunicacións e telecomunicacións, cadeas de establecementos de alimentación, fogar, perfumaría e drogaría, leiteiras e derivados do leite, adegas, grupos inmobiliarios, etc.;

e) Realización de campañas publicitarias: refírese á publicidade da empresa en calquera soporte ou medio. Priorizaranse aqueles proxectos de maior complexidade en que se inclúan actividades de dinamización sociolingüística (concursos, premios, certames, etc.), cunha compoñente escrita significativa, que fomenten o uso da lingua galega e estean integramente realizadas nesta lingua.

-As propostas deberán incluír unha memoria- programa detallado, orzamento desagregado por partidas

das diferentes actuacións que se van realizar, así como un plan de financiamento e unha estimación dos seus receptores. Na memoria proporase o calendario de execución coa indicación das actividades concretas que se van realizar.

f) Elaboración de portais e páxinas web: neste caso deberá presentarse unha estimación do número de conexións que se prevén. Se se trata dunha páxina en varios idiomas a lingua galega deberá ter carácter preferente.

Artigo 6º.-Requisitos.

Os proxectos beneficiarios das subvencións outorgadas ao abeiro desta orde deberán cumprir o especificado no artigo anterior e, así mesmo:

-Os textos dos proxectos propostos deberán estar redactados integramente en galego segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro), e non poderán coincidir literalmente con outra lingua. En todo caso, e para estes efectos, a Dirección Xeral de Política Lingüística pon ao dispor dos adxudicatarios os seus servizos técnicos.

-As propostas achegadas deberán ter un investimento mínimo de 3.600 euros, coas seguintes matizacións: as solicitudes que se valoren como gabinetes lingüísticos deberán acadar 8.000 euros e 4.800 euros os proxectos que inclúan rotulación, etiquetaxe e embalaxe na industria ou nas grandes empresas comerciais. Esta última cifra redúcese ata 3.600 euros no caso da pequena e mediana empresa. Estas cotas entenderanse co IVE incluído, desestimándose automaticamente os que non acaden os investimentos mínimos descritos. Para a distinción entre Pemes e grandes empresas tomarase como referencia o establecido na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DO L 124, do 20 de maio), que estará vixente a partir do 1 de xaneiro de 2005.

-Os proxectos beneficiarios das subvencións outorgadas ao abeiro desta orde deberán cubrir un mínimo do 50% do financiamento.

-O prazo de realización das actividades abrangue o período comprendido entre o día 1 de xaneiro e o 1 de setembro do ano 2005.

Artigo 7º.-Criterios de concesión e valoración das propostas.

Os criterios preferentes de concesión serán os seguintes:

a) O nivel de uso da lingua galega na empresa.

b) A perdurabilidade temporal da acción.

c) A incidencia no entramado socioeconómico do proxecto que se pretende desenvolver, entendéndose como tal tanto o sector xeográfico ao que afecta coma a súa difusión social (as repercusións nos receptores).

d) A importancia estratéxica do ámbito económico ao que pertenza a empresa solicitante.

e) O orzamento previsto e os recursos achegados pola empresa para a realización da actuación.

A valoración realizarase por tramos en función dos seguintes parámetros:

1. O nivel de uso da lingua galega: total/parcial.

2. A extensión da acción no tempo: permanente/eventual.

3. A incidencia xeográfica e socioeconómica: ámbito xeográfico (local, provincial, comarcal, autonómico e/ou fóra de Galicia); e número de traballadores da empresa solicitante (0 empregados; menos de 5; de 5 a 9; de 10 a 19; e, 20 e máis traballadores).

4. En función da repercusión socioeconómica da empresa e do proxecto aplicarase un coeficiente de 0,5 a 6.

A existencia de empregados deberá acreditarse achegando os correspondentes documentos TC1 ou TC2.

A contía de cada subvención non superará a cantidade de 12.000 euros por empresa beneficiaria.

Avaliaranse negativamente aquelas solicitudes de empresas subvencionadas noutros exercicios, das cales exista constancia de que utilizan o castelán para inserir a súa publicidade nas edicións dos medios de comunicación, oral ou escrita, realizadas en Galicia. Así mesmo, poderase non propoñer axudas para aquelas accións que fosen beneficiarias nos tres exercicios anteriores ao de 2005 (2002-2004), agás nas tipoloxías seguintes: dinamización sociolingüística, documentación creativa e gabinetes lingüísticos, e que supoñan reedicións delas e, polo tanto, unha repetición exacta dos textos das anualidades precedentes. Esta circunstancia deberá reflectirse inescusablemente na epígrafe correspondente do anexo da solicitude.

Artigo 8º.-Documentación.

O modelo de solicitude e o texto da convocatoria poden obterse no portal web da consellería, no enderezo www.edu.xunta.es.

As solicitudes, no modelo oficial, xunto coa documentación correspondente, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela), no prazo de 40 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os interesados presentarán a seguinte documentación na orde que se cita:

1. Solicitude debidamente cuberta e asinada, utilizando o anexo desta convocatoria. A solicitude deberá especificar claramente as características do proxecto, sendo estritamente obrigatorio que todos os recadros aparezan cubertos, coa finalidade de

poder ser valorada polos servizos competentes da Dirección Xeral de Política Lingüística.

2. Escrito en que se faga constar o número de empregados. Isto acreditarase achegando os correspondentes documentos TC1 ou TC2.

3. Fotocopia compulsada da escritura pública de constitución da empresa solicitante e, se é o caso, da constancia da inscrición da escritura no rexistro mercantil.

4. Fotocopia compulsada do poder notarial do representante da empresa e, se é o caso, da constancia da inscrición do poder no rexistro mercantil.

5. Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia expedido pola Consellería de Economía e Facenda.

6. Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias expedido pola correspondente delegación ou axencia tributaria do Ministerio de Economía e Facenda.

7. Certificado de encontrarse ao día nas obrigas sociais expedido pola Tesouraría da Seguridade Social. Para isto, os traballadores suxeitos ao réxime de autónomos presentarán:

a) Unha certificación expedida a nome do propio traballador autónomo.

b) Unha certificación a nome da empresa beneficiaria da subvención, cando a denominación desta non coincida literalmente co nome do traballador.

8. Fotocopia da alta no imposto de actividades económicas e do último recibo. Sen prexuízo da obriga de achegar a alta no citado imposto, no caso de encontrarse nalgún dos supostos de exención recollidos no artigo 83.1º da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción establecida pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, isto deberá acreditarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente, ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000 €) e copia do imposto de sociedades. As empresas de nova creación achegarán só a copia da alta no imposto.

9. Fotocopia compulsada do CIF da empresa.

10. Certificado orixinal actualizado en que consten os datos bancarios completos, selado e asinado pola entidade financeira.

11. Memoria explicativa detallada, orzamento desagregado por partidas das diferentes actuacións que se van realizar, así como o plan de financiamento do proxecto para o que se solicita a subvención. Na memoria proporase o calendario de execución con indicación das actuacións concretas e da viabilidade da proposta.

12. Cando se trate da creación ou mantemento dun gabinete lingüístico, na memoria do proxecto deberán especificarse as funcións que vai realizar dentro da empresa (formación, asesoramento, dinamización, etc.) así como a competencia en lingua galega do citado persoal e a temporalidade da contratación.

13. As solicitudes que inclúan rotulación permanente e/ou rotulación ou impresión que teña fins publicitarios, así como as relativas á imaxe corporativa e a súa aplicación, terán que xuntar o texto en galego que se pretende imprimir. O citado texto deberá vir corrixido por algún especialista en lingua galega, para isto a Consellería de Educación e Ordenación universitaria pon ao dispor de calquera entidade os seus servizos técnicos e o persoal dos gabinetes de normalización lingüística situado nas delegacións provinciais da consellería.

14. Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

As empresas individuais presentarán, no canto dos documentos especificados nos puntos 3 e 4, unicamente unha fotocopia compulsada do NIF do titular, e para o punto 8 a fotocopia da alta no imposto de actividades económicas.

Artigo 9º.-Procedemento.

Recibida cada solicitude de subvención e a súa documentación, será analizada e, se é o caso, requiriranse os solicitantes para que nun prazo de dez días hábiles emenden os posibles erros ou ausencias de documentación, preferentemente por correo certificado dirixido á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela. Se transcorrido este prazo non se eliminasen as deficiencias observadas, as solicitudes arquivaranse sen máis trámite. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos da orde de convocatoria serán avaliadas pola comisión segundo os criterios de concesión establecidos no artigo 7º. O director xeral de Política Lingüística elevaralle a correspondente proposta ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá dentro das dispoñibilidades orzamentarias. A resolución publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e poralle fin á vía administrativa.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Entenderanse desestimadas as solicitudes presentadas, de non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 10º.-Aceptación da subvención e compromisos.

No prazo máximo de dez días contados a partir da publicación da resolución, as empresas seleccionadas terán que lle comunicar por escrito a súa

aceptación da subvención concedida, e dos compromisos que isto supón, á Dirección Xeral de Política Lingüística. A omisión desta comunicación dará lugar ao arquivo do expediente sen máis trámite.

Tamén por escrito e no mesmo prazo de dez días, deberán comunicarse á Dirección Xeral de Política Lingüística as renuncias ás subvencións concedidas, expresando as circunstancias polas que se producen.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a remitir a xustificación correspondente, segundo se recolle no artigo 11º desta convocatoria e a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos, e non poderán solicitar o cambio para outro proxecto. Tamén teñen a obriga de lles facilitar aos servizos competentes da Dirección Xeral de Política Lingüística toda a información requirida. A Dirección Xeral de Política Lingüística poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

Nas publicacións e nas páxinas e portais web, e unicamente nestes casos, constará, coa mesma técnica que os créditos da entidade promotora, o patrocinio da Xunta de Galicia, empregando para iso os logotipos aprobados pola imaxe corporativa. O texto utilizado deberá ser subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística. O emprego indebido e/ou incorrecto deste texto será motivo de perda da subvención.

Artigo 11º.-Xustificación.

O prazo improrrogable de xustificación e entrega da totalidade da documentación que a seguir se cita, nas condicións recollidas nesta orde, ábrese a partir da publicación da concesión das axudas, e rematará o día 1 de setembro do ano 2005.

Ata esa data as entidades deberán remitir a seguinte documentación á Dirección Xeral de Política Lingüística, xunto cun escrito en que se cite o número de expediente e os documentos achegados:

1. As facturas, contratos e nóminas e xustificantes de gasto que correspondan: deberán ser orixinais ou fotocopia compulsada, de acordo coa resolución de concesión e nos termos expresados no proxecto presentado, por un valor mínimo equivalente ao dobre da axuda outorgada, excluído o IVE e, en calquera caso, a xustificación non poderá ser menor que o investimento mínimo exixido para a obtención das axudas. Só se cursarán requirimentos cando as facturas sexan incorrectas en tempo e/ou en forma.

2. Non terán a consideración de subvencionables, para cada unha das accións realizadas, os conceptos que de seguido se relacionan:

a) Gastos correntes da empresa: aluguer de locais, gastos de funcionamento (luz, auga, teléfono.), consumibles (cartuchos de tinta, disquetes, cintas, carretes de fotos, etc.), material de oficina (bolígrafos, rotuladores, etc.).

b) Adquisición de material inventariable (ordenadores, cámaras, etc.).

c) Gastos de desprazamento, manutención e aloxamento.

d) Gastos relativos á celebración de cocktails e actos análogos.

e) Os impostos recuperables ou repercutibles polo beneficiario.

Para os efectos da distribución non serán válidas as facturas expedidas polo organismo oficial de Correos y Telégrafos, unicamente se aceptarán como xustificantes os gastos facturados por outras empresas dedicadas á distribución.

Sempre que os xustificantes achegados sexan nóminas, deberá xuntarse unha certificación en que se acredite a parte proporcional empregada na realización da actividade subvencionada. Os gabinetes lingüísticos precisarán o contrato de traballo do persoal que o constitúe e as nóminas expedidas durante o período de vixencia desta convocatoria.

As datas dos xustificantes estarán comprendidas entre o día 1 de xaneiro e o 1 de setembro do ano 2005.

3. Relación numerada dos xustificantes mencionados no punto anterior, que incluíra o número de factura, o emisor, a suma parcial folla por folla e a suma do total da relación.

4. Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia expedido pola Consellería de Economía e Facenda.

5. Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias expedido pola correspondente delegación ou axencia tributaria do Ministerio de Economía e Facenda.

6. Certificado de encontrarse ao día nas obrigas sociais expedido pola Tesouraría da Seguridade Social. Para isto, os traballadores suxeitos ao réxime de autónomos presentarán:

a) Unha certificación expedida a nome do propio traballador autónomo.

b) Unha certificación a nome da empresa beneficiaria da subvención, cando a denominación desta non coincida literalmente co nome do traballador.

7. Xustificación documental da realización do proxecto subvencionado mediante mostras materiais (dossier de prensa, disquetes, publicacións, fotografías, vídeos, gravacións magnetofónicas, etc.) e do correcto emprego do galego nos termos do artigo 6º desta orde. Os gabinetes de normalización lingüística achegarán, para estes efectos, un dossier onde se recollan as actividades realizadas.

8. Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En caso afirmativo deberá expresar os importes e a súa procedencia, e acompañar facturas ou xustificantes de gasto por

unha contía equivalente á suma do total das subvencións para idéntico obxecto.

Os beneficiarios quedarán obrigados a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

O incumprimento de todo o anterior por parte dos interesados, dará lugar ao arquivo do expediente sen máis trámite.

Artigo 12º.-Libramento dos fondos.

Entregada correctamente a documentación recollida no artigo 11º, e unha vez que o beneficiario presente certificado de que se encontra ao día das súas obrigas tributarias e sociais e de que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Política Lingüística propondrá o libramento dos fondos de acordo coa normativa orzamentaria vixente. Unicamente caberá minorar o pagamento da axuda cando se xustificase polo menos o investimento mínimo exixido para a súa concesión.

Artigo 13º.-Perda da subvención.

Calquera alteración da actividade verbo dos datos que figuran no impreso de solicitude e calquera outro incumprimento das normas contidas nesta orde terá como consecuencia a revogación da axuda. A empresa interesada terá que reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, e mailos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento.

No caso de que se lle conceda á empresa outra subvención para idéntica finalidade no prazo de vixencia desta orde, a empresa terá que llo comunicar á Administración. A este respecto, é de aplicación o disposto no artigo 78.3º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo o cal o importe da subvención minorarase cando a súa contía, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, supere o 100% do investimento da actividade.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta convocatoria adáptase ao carácter básico do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de aplicación xeral de subvencións, e ao seu desenvolvemento.

Tercera.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ESCRIBIR A MÁQUINA OU EN MAIÚSCULAS

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A EMPRESAS PRIVADAS PARA FOMENTAR O USO SOCIAL DA LINGUA GALEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED106B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS BANCARIOS DO SOLICITANTE

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	NOME BANCO E SUCURSAL
RÚA			
POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	CÓDIGO CONTA CORRENTE	
<p>A entidade bancaria citada neste cadro certifica que os datos que nel se consignan son certos e que existe a conta citada a nome do perceptor que se indica aberta nesta entidade a día de hoxe.</p> <p>_____ de _____ de 200__</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA SELO DA ENTIDADE BANCARIA</p> <p>Don/Dona Don/Dona</p> <p>_____ (NOME E SINATURA) _____ (NOME E SINATURA)</p>			

DATOS DO REPRESENTANTE (CASO DE SER DIFERENTE DO SOLICITANTE)

REPRESENTANTE (QUEN ASINA A SOLICITUDE)	DNI		
ENDEREZO	LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 26 de novembro de 2004 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a empresas privadas para fomentar o uso social da lingua galega.
- Decreto 287/2000, do 21 de novembro (Diario Oficial de Galicia do 11 de decembro), polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____ de _____ de 200__

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

DATOS DO PROXECTO

DENOMINACIÓN		
DATAS DE EXECUCIÓN	CUSTO TOTAL	CANTIDADE SOLICITADA

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

ORZAMENTO

	CONCEPTO	CUSTO	CONTRIBUCIÓN PROPIA	SOLICITADO
1	TRADUCCIÓN / CONTRATACIÓN PERSOAL			
2	IMPRESA (PUBLICACIÓN, CARTELARÍA, DOCUMENTACIÓN, ETIQUETAXE)			
3	EDICIÓN AUDIOVISUAL E PROGRAMACIÓN INFORMÁTICA			
4	PUBLICIDADE EN RADIO, PRENSA, TELEVISIÓN E INTERNET			
5	ROTULACIÓN PERMANENTE			
6	DISTRIBUCIÓN			
	TOTAIS			

SUBVENCIONS OUTORGADAS EN ANTERIORES CONVOCATORIAS

ANO	Nº EXPEDIENTE	CONTÍA	OBJECTO DA SUBVENCIÓN
2004			
2003			
2002			

Nº DE TRABALLADORES CONTRATADOS	
ACOLLIDOS AO RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL:	<input type="checkbox"/>
NON ACOOLLIDOS AO RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL:	<input type="checkbox"/>

AXUDAS SOLICITADAS AS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

Orde do 29 de novembro de 2004 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de dez bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e se anuncia a súa convocatoria.

O artigo 1 do Decreto 454/2003, do 26 de decembro, en harmonía co artigo 27 do Estatuto de autonomía para Galicia, establece a competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a promoción e ensino da lingua galega e o fomento da investigación.

Dentro do plan de actividades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para 2004 figura a convocatoria pública de bolsas de investigación para realizar proxectos concretos sobre lingüística, literatura, antropoloxía e historia galegas, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

O seu outorgamento enmárcase dentro das funcións atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no artigo 3 do Decreto 25/1993, do 11 de febreiro (DOG nº 34, do 19 de febreiro), de creación e posta en funcionamento do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, modi-